

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL PONTEDEUME

Trámite de información pública da incoación do expediente de honras e distincións do Concello de Pontedeume a favor de Ramiro Fonte

ANUNCIO

Trámite de información pública da incoación do expediente de honras e distincións do Concello de Pontedeume a favor de Ramiro Fonte

Conforme ao establecido no Regulamento especial de honras e distincións do Concello de Pontedeume, en concreto no seu artigo 21, sométese a información pública o acordo adoptado polo Pleno corporativo de data 7 de setembro de 2012, tras se ter advertido a carencia do dito trámite no expediente e co fin de retomar aquel, publícase o seguinte:

Que o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria de data 07/09/2012 adoptou, entre outros, o ACORDO seguinte, que se transcribe no seu literal:

<<O alcalde-presidente abre a sesión, na que pocédese A INCOACIÓN DE EXPEDIENTE DE HONORES E DISTINCIÓN A FAVOR DE D. RAMIRO FONTE.

O Sr. alcalde explica o motivo polo que se decide celebrar este pleno extraordinario nun día tan sinalado que coincide co inicio das Festas da Peras, hoxe e o día do aniversario de Ramiro Fonte, polo que parece o día mais indicado, sinalar que quedouse en non cobrar pola asistencia ao mesmo, todos os grupos están de acordo neste punto.

O Sr. alcalde dá a palabra á Sra. secretaria para a lectura íntegra a proposta de acordo:

<<HONORES E DISTINCIÓN A D. RAMIRO FONTE

Vistos os artigos 19 e 20 do Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Pontedeume, publicado no Boletín Oficial da Provincia n.º 74, do 31.03.2003, e a súa modificación 1.ª publicada no BOP n.º 51, do 14.03.2012, propónse ao pleno a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.–Incoar expediente, ao abeiro do disposto no Regulamento de Honores e Distincións do Concello de Pontedeume (BOP n.º 74, do 31.03.2003; modificación 1.ª BOP n.º 51, do 14.03.2012), en aras a concesión do nome de Ramiro Fonte á Biblioteca Pública Municipal de Pontedeume.

SEGUNDO.–Consonte co disposto no artigo 20 do Regulamento de Honores e Distincións, nomear instrutor do procedemento a don César Antonio Molina, e secretario das actuacións ao funcionario municipal don Alejandro Caínzos Curbeira.>>

O que se fai público para xeral coñecemento, publicándose no Boletín Oficial da Provincia e na prensa local, en cumprimento do trámite de información pública, polo prazo de un mes para que, ademais de que se aporte a documentación xustifica dos méritos, podan comparecer no expediente cantas persoas o desexen para constatar os datos, noticias ou xuízos que procedan en relación coa proposta e adxerir a xustificación dos merecementos coas informacións, en orde ás evidentes constancias dos servizos, feitos ou actuacións.

O expediente poderá ser consultado nas dependencias da Secretaría Municipal, durante o prazo indicado anteriormente.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume a 26 de xullo de 2017.

2017/6529